




FERVENZAS DO ARNEGO

Adela Leiro, Mon Daporta




Distancia: Agolada-Vila de Cruces: 15 km
Agolada-Vilariño: 4 km
A pé: 1 km

Dificultade: baixa

Duración: 2 horas



Fervenza de Porto Marcelín



O Arnego in Vilariño (entre Vila de Cruces e Agolada)

O río Arnego é un afluente do Ulla que nace entre a Serra do Faro e a Pena de Francia e xúntase ao Ulla no encoro de Portodemouros. Ten varios tramos nos que se encaixa e forma canóns, rápidos e pequenos saltos. Nas súas marxes consérvanse os mellores grupos de sobreiras de Galicia protexidos no LIC "Sobreirais do Arnego". Propoñemos unha ruta para coñecer varias fervenzas no Arnego e no seu afluente Porto Marcelín, nun percorrido entre Agolada e Vila de Cruces.

1- Rego Porto Marcelín

Un afluente do Arnego que pasa a carón dos Baños de Caldelas de Vilariño.

COMO CHEGAR

Na estrada Agolada a Lalín cóllese o desvío a Vilariño. A fervenza atópase detrás dos Baños de Caldelas de Vilariño.

2-Vilariño

Nunha zona que cruza a estrada de Lalín a Lugo o Arnego salva unha forte pendente con varios saltos pequenos. Nas proximidades hai unha minicentral.

COMO CHEGAR:

Desde a ponte da estrada pódense ver os saltos. Tamén podemos desviarnos polo camiño da central eléctrica.

3-Toiriz

En Vila de Cruces, antes de se xuntar co Ulla encáixase e forma rápidos e pequenas fervenzas entre rochas metamórficas.

COMO CHEGAR:

Pola estrada de Agolada a Vila de Cruces, despois de pasar Brántega chégase e unha ponte que cruza o río onde hai unha área recreativa. Desde alí séguese polas beiras.



O Arnego in Toiriz